

6. Responde ás seguintes preguntas e xustifica a túa resposta:

- a) O número 14 é divisor de 56?

- b) O número 310 é múltiplo de 31?

7. Observa estes números e responde ás preguntas:

248 790 633 711 147 508

Cales son múltiplos de dous?

Cales son múltiplos de tres?

Cales son múltiplos de cinco?

Cales son múltiplos de dous e de cinco á vez?

8. Rodea os números primos e tacha os números compostos:

71	72	73	74	75	76	77	78	79	80
81	82	83	84	85	86	87	88	89	90

9. Calcula mentalmente:

- a) m.c.m. (10, 15, 30)
- b) m.c.m. (6, 8)
- c) M.C.D. (8, 10)
- d) M.C.D. (15, 20)

10. Calcula:

- a) m.c.m. (15, 16, 18)
- b) M.C.D. (32, 40, 48)

11. Un electricista ten tres rolos de cable de 96, 120 e 144 metros de lonxitude. Desexa cortalos en pedazos iguais da maior lonxitude posible, sen que sobre ningún. Que lonxitude deberá ter cada pedazo?

12. Un cometa é visible desde a Terra cada 24 anos e outro, cada 36. O último ano que foron visibles conxuntamente foi en 1944. En que ano volverán a coincidir?